O empresario deberá cumprir en todo caso os datos relativos ao centro de formación e acompañar ao contrato de traballo a “comunicación de acordo para a formación teórica en contrato para a formación”. Isto non será de aplicación cando o traballador acredite, mediante certificación da Administración pública, que realizou un curso de formación profesional ocupacional axeitado ao oficio ou posto de traballo.

O empresario poderá solicitar por escrito, antes de asinar o contrato, certificación do SPEE no que conste o tempo que o traballador estivo contratado en aprendizaxe e para a formación, con anterioridade á contratación que se pretende realizar e de non esgotar o período máximo de formación.


O contrato para a formación deberá realizarse sempre por escrito, facendo constar o nivel ocupacional, oficio ou posto de traballo no que se concerta, o tempo dedicado á formación teórica e a súa distribución horaria, a duración do contrato e o nome e cualificación profesional da persoa designada como titor.

■ **Cadro 7.15**

Contratos de formación. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2007

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	2.800	36	51	26	107	1.195	85	233	110	181	4.824
Lugo	840	29	46	17	84	356	63	96	47	90	1.668
Ourense	881	17	40	35	77	384	37	92	51	146	1.760
Pontevedra	2.808	29	39	20	35	1.262	54	198	84	98	4.627
Galicia	7.329	111	176	98	303	3.197	239	619	292	515	12.879

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007



O número de contratos de formación rexistrados en Galicia no 2007 foi de 12.879, (13.303 en 2005 e 12.727 en 2.006), cun lixeiro aumento despois de varios anos de descenso, representando un 1,58% dos contratos iniciais (0,62% en España) e 1,49% do total incluídas as conversións en indefinidos e as adscricións en colaboración social.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 0,53%, na industria un 2,07%, na construción un 4,01% e no sector servizos un 1,18%.

Se estudamos a variable sexo, apreciamos, que un 62,25% (2.006: 65,12%) destes contratos concértanse con homes e un 37,76% con mulleres (2006: 34,88 %). Estudando conxuntamente as variables de idade e sexo apréciase que no caso dos homes o 91,42% dos contratos se concertan con menores de 25 anos e o 3,78% con maiores de 45 anos. No colectivo das mulleres as porcentaxes son dun 65,75% nas menores de 25 anos e 12,73% para o intervalo de 30-39 anos. En canto á idade debemos precisar que aínda que o límite de idade para estes contratos é de 21 anos, non existe límite para os traballadores minusválidos, para os estranxeiros durante os dous primeiros anos de vixencia do seu permiso de traballo (agás que acrediten formación e experiencia necesaria para o desempeño do posto de traballo), para os desempregados que leven máis de 3 anos sen actividade laboral, para os desempregados en situación de exclusión social e para os que se incorporen aos programas de escolas-obradoiros (límite de 24 anos), casas de oficio (límite 24 anos) e obradoiros de emprego.


Tendo en conta a duración destes contratos e recordando que poden celebrarse por un prazo máximo de 2 anos, podendo mesmo ampliarse por convenio colectivo sectorial ata 3 ou 4 anos, se o traballador é minusválido, só un 0,49% celébranse por un período entre 18 e 24 meses (0,35% en 2005), e un 99,45% por un tempo igual ou inferior a 12 meses.

Contratos de formación por duración e provincias. Galicia 2007

■ Cadro 7.16

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	>24	
A Coruña	4.250	551	11	9	3	4.824
Lugo	1.553	102	7	6		1.668
Ourense	1.668	84	1	4	3	1.760
Pontevedra	4.256	345	8	17	1	4.627
Galicia	11.727	1.082	27	36	7	12.879

Fonte: SPEE-INEM. Estadística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007



7.2.5. Contrato en Prácticas

Este contrato ten como finalidade a obtención de práctica profesional axeitada ao nivel de estudos dos traballadores con titulación universitaria ou de formación profesional de grao medio ou superior, ou títulos recoñecidos oficialmente como equivalentes que habiliten para o exercicio profesional. (Art. 11 ET e 1.1 RD 488/1998).

O traballador debe posuír algunha das titulacións seguintes:

- Licenciado Universitario, Enxeñeiro ou Arquitecto
- Diplomado Universitario, Enxeñeiro ou Arquitecto Técnico
- Técnico ou Técnico Superior da Formación Profesional Regulada da formación profesional específica, sendo equivalentes os anteriores Técnico Auxiliar (FPI) e Técnico Especialista (FP2)
- Outras titulacións oficialmente recoñecidas equivalentes as anteriores

Non poden transcorrer máis de catro anos dende a finalización dos correspondentes estudos ou dende a validación destes en España, se se obtivesen no estranxeiro, ou seis anos cando o traballador sexa minusválido.

O posto debe permitir a obtención da práctica profesional axeitada ao nivel de estudos cursados. Mediante convenio colectivo de ámbito sectorial estatal, ou no seu defecto, de ámbito inferior, poderanse determinar os postos, grupos, niveis ou categorías obxecto deste contrato.

A duración non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos, podéndose determinar por convenio colectivo sectorial estatal ou sectorial inferior; a duración destes contratos, respectando sempre estes limites. (Art. 11.1 ET e 19 e 20 RD 488/1998).

Se o contrato se establece por unha duración inferior á máxima, as partes poderán acordar ata doas prórrogas, sen que a duración total poida exceder á máxima. A duración de cada prórroga non poderá ser inferior á duración mínima do contrato.

Ningún traballador poderá estar contratado en prácticas, na mesma ou distinta empresa, por tempo superior a dous anos en virtude da mesma titulación.

Cando o contrato chega a termo, non hai denuncia das partes cun preaviso mínimo de 15 días e o traballador continua traballando:

- Se non esgotou a duración máxima do contrato, prorrogarase automaticamente ata o devandito prazo
- Se esgotase a duración máxima considerárase prorrogado tacitamente por tempo indefinido, salvo proba en contrario que acredite a natureza temporal. (Art. 49.1.c) ET e 20 RD 488/1998)
- En caso de incumprirse soamente o preaviso, o traballador será indemnizado co equivalente ao salario correspondente aos días que o devandito prazo se incumpre.

A falta de esixencia de forma escrita, farán que o contrato en Prácticas considérese indefinido, salvo proba en contrario que acredite o seu carácter temporal. De igual forma os celebrados a tempo parcial presumíranse celebrados a xornada completa, por falta de forma escrita, salvo proba en contrario que acredite o seu carácter parcial. (Art. 22.1 RD 488/1998).

Salvo o disposto por convenio colectivo, o período de proba será como máximo:

- Un mes para os titulados de grao medio (Diplomados e Técnico de F.P regulada)
- Dous meses para titulados superiores (Licenciados e Técnicos Superiores de F.P regulada)
- A xornada poderá ser a tempo completa ou parcial.

A retribución que se fixará por convenio colectivo, nunca poderá ser inferior ao 60% o primeiro ano e o 70% o segundo ano de vixencia do contrato, do salario fixado para un traballador que desempeñe o mesmo ou equivalente posto de traballo, e en ningún caso inferior ao S.M.I. En caso de contratos a tempo parcial o salario reducirase en proporción ao tempo traballado. (Art. 2.1 RD 488/1998 e Art. 11.1.e E.T).

O contrato debe formalizarse por escrito facendo constar expresamente a titulación do traballador; a duración do contrato e o posto ou postos a desempeñar durante as prácticas.

O empresario poderá solicitar do Servizo Público de Emprego certificado no que conste o tempo que o traballador estivo contratado en prácticas con anterioridade. Se transcorridos 10 días o Servizo Público de Emprego non emitiu o certificado, o empresario queda exonerado das responsabilidades que se poidan derivar.

Á terminación do contrato, o empresario deberá entregar ao traballador certificado no que consta a duración das prácticas o posto ou postos de traballo desempeñados e as principais tarefas realizadas.

Se unha vez finalizado o contrato en prácticas o traballador continúa na empresa, non poderá concertarse un novo período de proba, computándose a duración do contrato en prácticas para os efectos de antigüidade na empresa.

O empresario informará os traballadores sobre a existencia de postos de traballo vacantes, co fin de garantir o acceso a postos permanentes.

Este tipo de contrato alcanzou en 2007, 7.048 concertos (2006: 7.457), o que representa un 0,86% dos contratos iniciais e un 0,81% do total (0,62% en España), fronte ao 0,93 do ano 2006.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 0,17%, na industria un 1,31%, na construción un 1,00% e no sector servizos un 0,81%.


Tendo en conta o factor sexo, concertouse cun 48,54% de homes e un 51,46% de mulleres, producíndose un lixeiro aumento con respecto ao ano 2006 (50,22%) nas contratacións a mulleres e superando por segunda vez as dos homes. É un dos contratos onde a diferenza de contratación entre homes e mulleres é menor. Realízanse case os mesmos contratos en prácticas a homes que a mulleres, e tendo en conta a incorporación masiva da muller á educación de grao medio e superior, e que é precisamente este colectivo o que en maior medida finaliza os estudos iniciados, parece ser esta a causa da equiparación entre sexos destes contratos.

■ Cadro 7.17

Contratos en prácticas. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2007

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	972	694	113	1	3	985	865	126	8	2	3.769
Lugo	222	92	8	0	0	182	95	9	1	0	609
Ourense	146	52	11	0	0	120	76	15	0	0	420
Pontevedra	675	337	90	4	1	669	392	73	5	4	2.250
Galicia	2.015	1.175	222	5	4	1.956	1.428	223	14	6	7.048

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007




Por grupos de idade, realizáronse maior número de contratacións a homes <25 anos (58,90%) e mulleres de <25 anos (53,93%), seguidos en ambos os dous casos do intervalo de 25-29 cun 34,35% en homes e un 39,37% en contratos a mulleres e do intervalo de 30-39 anos, cun 6,49% de contratacións concertadas con homes e un 5,82%, realizadas a mulleres.

■ Cadro 7.18

Contratos en prácticas. Por duración e provincias. Galicia 2007

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	> 24	
A Coruña	2.431	1.153	36	149	3.769	4.824
Lugo	334	248	4	23	609	1.668
Ourense	234	174	3	9	420	1.760
Pontevedra	1.269	868	33	80	2.250	4.627
Galicia	4.268	2.443	76	261	7.048	12.879

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007



Segundo a duración do contrato, os comprendidos de entre 6 e 12 meses alcanzaron 34,66% e os de duración igual ou inferior a 6 meses un 60,56%. Aqueles que alcanzaron a duración máxima de 24 meses seguen, ao igual que en 2006, supoñendo unha porcentaxe moi pequena, o 3,70% (2,18% en 2006). Aínda que se produciu un aumento dos contratos de máis longa duración, 24 meses, tamén aumentaron os de duración igual ou inferior a 6 meses en detrimento dos de duración entre 6 e 12 meses.

Contrato en prácticas. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia 2007

■ Cadro 7.19

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	1.783	87	1.696	1.986	264	1.722	3.769	351	3.418
Lugo	322	14	308	287	52	235	609	66	543
Ourense	209	17	192	211	56	155	420	73	347
Pontevedra	1.107	78	1.029	1.143	211	932	2.250	289	1.961
Galicia	3.421	196	3.225	3.627	583	3.044	7.048	779	6.269

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

Se tomamos como referencia o tipo de xornada, o 88,94% celebrouse a xornada completa e o 11,05% a parcial, aínda que no caso dos homes supuxo o 5,73% mentres que no caso das mulleres, confirmando a tendencia doutros tipos de contratos, chegou ao 16,07%.

7.2.6. Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación

Esta medida ten por finalidade a contratación de traballadores inscritos como desempregados en substitución de traballadores que anticipen a súa idade ordinaria de xubilación de 65 a 64 anos (Art. 1 e ss RD 1194/1985).

As empresas procederán á celebración dun contrato por calquera das modalidades vixentes, agás contrato a tempo parcial e eventual por circunstancias da produción. (Art. 3.1 RD 1194/1985).

Se durante a vixencia do contrato dun traballador en substitución se producise o cesamento deste, o empresario deberá substituílo, nun prazo máximo de 15

días, por outro traballador desempregado polo tempo que reste para alcanzar a duración mínima do contrato que ha de ser dun ano.

A falta de substitución do traballador que destituíu, suporalle á empresa aboar a INSS a prestación de xubilación devengada polo traballador substituído, dende o momento do cesamento do traballador contratado. (Art. 4 RD 1194/1985).

O contrato formalizarase por escrito, e entregárase ao traballador que se xubile unha copia para que o entregue na Entidade Xestora que corresponda para o recoñecemento da súa petición de xubilación.

Se á finalización do contrato de substitución, este transformábase en indefinido poderá acollerse aos incentivos de bonificación do 25% da cota empresarial á SS por continxencias comúns durante un período de 24 meses seguintes ao inicio do contrato, sempre que a transformación se levase a cabo ata o 31 de decembro do 2006.

■ **Cadro 7.20** **Contatos de substitución por xubilación os 64 anos. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2007**

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	5	2	8	4	3	1	1	4	2	11	41
Lugo	0	0	2	0	0	0	0	0	0	0	2
Ourense	1	0	1	2	1	0	0	1	1	1	8
Pontevedra	1	3	1	0	1	0	1	0	1	0	8
Galicia	7	5	12	6	5	1	2	5	4	12	59

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

No 2006 en Galicia só realizáronse 59 contratos (1.978 en España) desta modalidade (50 en 2006), o que supón un 0,007% do total. Deles o 59,32% realizáronse a homes e o 40,68% a mulleres. No colectivo masculino realizáronse mais contratos nos tramos de 30-39 (34,29%) e en menos de 25 anos (20%) e no feminino en maiores de 45 anos (50%) e no grupo de 30-39 anos (20,83%).

Segundo a actividade económica, 43 contratos realizáronse no sector servizos, 11 en industria e 5 en construción.

Centrándonos na duración, maioritariamente concertáronse por un período de 12 meses (86,94%).

Contratos de substitución por xubilación aos 64 anos. Por duración e provincia. Galicia. 2007

■ **Cadro 7.21**

	Duración				Total
	12 meses	>12 e >18 meses	>18 e >24 meses	> 24 meses	
A Coruña	34	6	1	0	41
Lugo	2	0	0	0	2
Ourense	7	1	0	0	8
Pontevedra	8	0	0	0	8
Galicia	51	7	1	0	59

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

■ Contrato de Relevo e Xubilación Parcial

É o que se concerta cun traballador desempregado ou que estivese contratado pola empresa cun contrato de duración determinada para substituír parcialmente un traballador da empresa que accede á xubilación parcial (Art. 12.6 E.T)

A duración será indefinida ou igual ao tempo que lle falta ao traballador substituído para alcanzar a idade de xubilación (5 anos como máximo). Se chegado este momento o traballador xubilado parcial continua en activo, o contrato de relevo que se celebre por duración determinada, poderá prorrogarse por períodos anuais, extinguíndose en todo caso ao finalizar o período correspondente ao ano en que se produza a xubilación total.

A xornada poderá ser completa ou parcial. En todo caso deberá ser como mínimo, igual á redución da xornada do traballador substituído, que deberá estar comprendida entre un 25% e un 85%. (Art. 12.6 E.T).

O posto de traballo do traballador relevista poderá ser o mesmo do traballador substituído ou similar; e o horario poderá completar o do traballador substituído ou simultanearse con el.

Se durante a vixencia do contrato de relevo, que ha de celebrarse por escrito, se producise o cesamento do traballador contratado a empresa deberá substituílo no prazo de 15 días por outro traballador desempregado, ou que tivese concertado coa empresa un contrato de duración determinada.

Se o traballador xubilado parcialmente fose despedido improcedentemente e non se producise a súa readmisión, a empresa deberá substituílo por outro traballador desempregado ou ampliar a duración da xornada do traballador con contrato de relevo.

En caso de incumprimento, a empresa deberá aboar á Entidade Xestora o importe da prestación de xubilación parcial devengada dende o momento do cesamento ou despedimento improcedente.

A xubilación parcial do traballador substituído é aquela que se inicia despois do cumprimento dos 60 anos e ata o momento da xubilación total, que se simultánea cun contrato a tempo parcial e se atopa vinculada ao contrato de relevo. Para determinar a idade de xubilación tense en conta as bonificacións ou anticipacións de idade que correspondan.

A pensión de xubilación anticipada e parcial será compatible coa realización dun contrato a tempo parcial:

- Tería dereito a esta pensión o traballador, por conta allea, con polo menos 60 anos, que reúna as condicións xerais esixidas para causar pensión contributiva de xubilación conforme as normas do réxime da S.S de que se trate, agás a idade.
- O traballador solicitará a pensión de xubilación parcial ante a Entidade Xestora, e o recoñecemento desta quedará condicionado á presentación dos correspondentes contratos a tempo parcial e de relevo. O dereito á pensión nace na mesma data en que os contratos entren en vigor.

O contrato de relevo extínguese ao cumprir o traballador relevado a idade establecida para a súa xubilación, se o contrato asinado fose de carácter temporal. Se ao cumprir a idade de xubilación, o traballador continua na empresa, o contrato de relevo que se celebrou por duración determinada poderá prorrogarse mediante acordo das partes por períodos anuais, extinguíndose en todo caso, ao finalizar o período correspondente ao ano en que se produza a xubilación total de traballador relevado.

Se se trata dun contrato de relevo para substituír un traballador xubilado parcialmente despois de alcanzar a idade de xubilación, prorrogarase automaticamente por períodos anuais, extinguíndose en todo caso ao finalizar o período correspondente ao ano en que se produza a xubilación total.

Cadro 7.22

Contratos de relevo. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2007

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	58	97	145	27	39	16	51	61	26	23	543
Lugo	24	31	31	6	6	3	15	17	2	3	138
Ourense	12	28	36	9	15	2	8	9	3	1	123
Pontevedra	110	275	247	35	51	36	81	112	21	17	985
Galicia	204	431	459	77	111	57	155	199	52	44	1.789

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

Cadro 7.23

Contratos de relevo. Por duración e provincia. Galicia 2007

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	1	0	0	1	5	15	16	37	468	0	543
Lugo	1	0	0	1	1	5	2	14	114	0	138
Ourense	0	0	0	0	1	1	3	7	111	0	123
Pontevedra	2	1	0	2	9	39	29	47	856	0	985
Galicia	4	1	0	4	16	60	50	105	1.549	0	1.789

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

Contratos de relevo. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia 2007

Cadro 7.24

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	366	50	316	177	82	95	543	132	411
Lugo	98	12	86	40	17	23	138	29	109
Ourense	100	13	87	23	6	17	123	19	104
Pontevedra	718	271	447	267	114	153	985	385	600
Galicia	1.282	346	936	507	219	288	1.789	565	1.224

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

No ano 2006 celebráronse en Galicia 1.630 (2005: 1.290) contratos de relevo, o que representan soamente un 0,22% dos contratos iniciais (0,20% en España) e

0,21% do total, aínda que se observa un sensible aumento con respecto ao ano anterior.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 0,04%, na industria un 1,15%, na construción un 0,10% e no sector servizos un 0,12 %.

Por sexo e idade, o 71,66% celebráronse con homes e entre eles o colectivo de 25 a 39 anos, supuxo un 69,42%. No grupo de mulleres concertáronse soamente 507 contratos, representando o 28,34%, e tamén é o tramo de 25 a 39 anos o que ten maior representación cun 69,82%.

Segundo a duración o 86,58% fórono por un período superior a 24 meses, e segundo a xornada o 68,42% foi a total e o 31,58% a parcial.

Segundo a tendencia doutros contratos, a parcialidade foi maior nas mulleres, representando un 43,20%, mentres que nos homes só supuxo un 26,99%.

■ **Cadro 7.25 Contratos por xubilación parcial. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2007**

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	0	0	0	0	436	0	0	0	0	95	531
Lugo	0	0	0	0	90	0	0	0	0	24	114
Ourense	0	0	0	0	97	0	0	0	0	12	109
Pontevedra	0	0	0	0	730	0	0	0	0	143	873
Galicia	0	0	0	0	1.353	0	0	0	0	274	1.627

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

■ **Cadro 7.26 Contratos por xubilación parcial. Por duración e provincia. Galicia 2007**

	Duración en meses									Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	
A Coruña	1	0	0	1	1	9	13	32	448	531
Lugo	0	0	0	0	0	3	1	5	101	114
Ourense	0	0	0	0	0	1	2	4	94	109
Pontevedra	1	0	0	0	2	14	13	30	787	873
Galicia	2	0	0	1	3	27	29	71	1.430	1.627

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

Contratos de xubilación parcial concertáronse 1.534 en Galicia no 2006 (1.266 en 2005) representando un 0,20% dos contratos iniciais (0,17 en España) e o 0,19% do total. Ao igual que no contrato anterior de relevo, observase un sensible aumento con respecto a 2006. Do total un 83,16% concertouse con homes e só un 16,84% con mulleres. Esta diferenza está explicada co atraso da muller no acceso ao mercado laboral e polo tanto tamén en acceder as pensións de xubilación, diferenzas que deberían ir diminuíndo nos próximos anos.

Ao igual que no contrato anterior, un 87,89% celebrouse por un tempo superior a 24 meses.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 0,04%, na industria un 1,04%, na construción un 0,08 % e no sector servizos un 0,11%.

Aínda que estas dúas modalidades seguen representando unha porcentaxe escasa dentro do total do volume da contratación en Galicia, parece existir un aumento progresivo.

7.2.7. Contratos non contemplados anteriormente

Neste grupo inclúense contratos de modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación tales como: artistas, servizo doméstico, mercantís, contrato de traballo a domicilio, de grupo...

Estas contratacións son pouco representativas supoñen un 2,47% dos contratos iniciais (3,59% en 2006) e 2,33% do total incluídas as conversións en indefinidos e as adscricións en colaboración social, e son os de duración indeterminada (35,36%) e os de duración igual ou inferior a 7 días (59,42%) os mais celebrados.

■ **Cadro 7.27** Outros contratos non contemplados anteriormente. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2007

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	330	657	1.633	920	1.628	283	293	658	243	249	6.894
Lugo	146	376	794	392	1.324	441	686	1.060	318	308	5.845
Ourense	65	191	458	200	525	51	64	150	23	42	1.769
Pontevedra	178	444	1.431	894	1.897	120	232	294	67	71	5.628
Galicia	719	1.668	4.316	2.406	5.374	895	1.275	2.162	651	670	20.136

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

■ **Cadro 7.28** Outros contratos non contemplados anteriormente. Por duración e provincia. Galicia 2007

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	4.812	64	29	51	197	55	7	7	13	1.659	6.894
Lugo	2.842	32	45	13	17	7	3	1	0	2.885	5.845
Ourense	1.028	2	2	0	11	10	2	0	0	714	1.769
Pontevedra	3.284	7	1	3	294	144	13	17	3	1.862	5.628
Galicia	11.966	105	77	67	519	216	25	25	16	7.120	20.136

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

Outros contratos non contemplados anteriormente. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia 2007

■ **Cadro 7.29**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	5.168	0	5.168	1.726	0	1.726	6.894	0	6.894
Lugo	3.032	0	3.032	2.813	0	2.813	5.845	0	5.845
Ourense	1.439	0	1.439	330	0	330	1.769	0	1.769
Pontevedra	4.844	1	4.843	784	0	784	5.628	1	5.627
Galicia	14.483	1	14.482	5.653	0	5.653	20.136	1	20.135

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

Mención aparte daremos aos contratos temporais de minusválidos, que son aqueles cunha duración entre 12 meses e 3 anos, con xornada completa ou parcial, para traballadores minusválidos.

Estes contratos supuxeron no 2007, 1.110 (768 en 2006) contratos (0,14%) deles o 71,26% celebráronse con homes e o 28,74% con mulleres, deixando novamente, ver a menor integración da muller no mercado laboral, mesmo cando existe algunha minusvalidez, pero cunha evolución positiva con respecto ao ano anterior.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 0,47%, na industria un 0,23%, na construción un 0,14% e no sector servizos un 3,18%.


O tramo de idade no que máis contratos se asinan foi o de 30-39 anos, tanto en homes (32,74%), coma en mulleres (34,17%).

Tomando en conta a duración, foron os de 12 meses os que representaron o 97,03% das celebracións e a xornada completa o 76,13%, aínda que no colectivo feminino (seguíndoa tendencia da maioría dos contratos) só supuxo o 59,25% mentres que no masculino chegou ao 82,93%.

■ Cadro 7.30 Contratos temporais de minusválidos. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2007

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	30	41	81	36	63	14	27	37	15	37	381
Lugo	4	14	35	20	28	6	7	8	4	5	131
Ourense	9	18	17	17	16	3	8	19	2	4	113
Pontevedra	42	55	126	52	87	21	15	45	15	27	485
Galicia	85	128	259	125	194	44	57	109	36	73	1.110

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007



Contratos temporais de minusválidos. Por duración e provincias. Galicia 2007

■ Cadro 7.31

	Duración en meses				Total
	= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	> 24	
A Coruña	365	15	1	0	381
Lugo	129	1	1	0	131
Ourense	108	5	0	0	113
Pontevedra	475	8	1	1	485
Galicia	1.077	29	3	1	1.110

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

Contratos temporais de minusválidos. Segundo sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia 2007

■ Cadro 7.32

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	251	43	208	130	58	72	381	101	280
Lugo	101	17	84	30	14	16	131	31	100
Ourense	77	10	67	36	11	25	113	21	92
Pontevedra	362	65	297	123	47	76	485	112	373
Galicia	791	135	656	319	130	189	1.110	265	845

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

7.2.8. Contratos Indefinidos Ordinarios (Bonificados e non bonificados)

O contrato indefinido é aquel que se concerta sen establecer límites de tempo na prestación dos servizos, en canto á duración do contrato.

A súa formalización pode ser verbal ou escrita, salvo os acollidos ao programa de fomento da contratación indefinida, minusválidos, a tempo parcial..... etc. En todo caso calquera das partes pode pedir que se formalice por escrito, mesmo durante o transcurso da relación laboral.

En 2007 concertáronse en Galicia 33.845 contratos desta modalidade (22.713 en 2006), o que supón un incremento de 11.132 contratos. Aínda así só representan un 3,91% dos contratos iniciais (5,58% en España) e 4,15% do total incluídas as conversións en indefinidos e as adscricións en colaboración social, pero con tendencia á alza.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 18,23%, na industria un 5,30%, na construción un 5,34% e no sector servizos un 5,41%.

Esta contratación concertouse no sector masculino nun 58,92% do total, fronte a un 41,07% (28,79% en 2006) en mulleres, supoñendo un relevante incremento na contratación indefinida feminina. En ambos os dous grupos, é o intervalo de idade de 30-39 anos, onde máis contratos indefinidos se asinan cun 23,49% en homes e un 41,99% nas mulleres.

No caso dos homes o resto dos intervalos de idade representan un 18,94% para >o igual 45 anos, 15,89% para o grupo de 25-29 anos, 12,07% para < de 25 e 13,23% para o grupo de 40-44 anos.

Para o colectivo feminino as contratacións celebradas no intervalo de 25-29 anos supuxeron un 18,97%, un 15,87% para os <25, un 11,21% para os > ou igual 45 e un 11,96% para o intervalo entre 40 e 44 anos.

As porcentaxes segundo o tipo de xornada reflexa un 72,79% a xornada completa, un 17,38% a tempo parcial e un 9,84% de fixos discontinuos. Estes datos modifícanse se introducimos a variable sexo, habendo no colectivo masculino un 81,88% de contratos a xornada completa, un 9,13% a parcial e un 8,99% de fixos discontinuos, e no das mulleres un 59,74% a xornada completa, un 29,21% a tempo parcial e un 11,05% de fixos discontinuos. Novamente vense moi afectados os datos da xornada a tempo parcial cando introducimos a variable sexo, en detrimento do colectivo feminino.

■ **Cadro 7.33** **Contratos indefinidos ordinarios. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2007**

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	998	1.348	3.282	970	1.334	1.089	1.281	2.575	711	719	14.307
Lugo	297	453	1.074	414	708	209	251	675	207	190	4.478
Ourense	165	210	590	201	219	225	229	557	206	157	2.759
Pontevedra	947	1.159	3.004	1.054	1.516	684	876	2.030	539	492	12.301
Galicia	2.407	3.170	7.950	2.639	3.777	2.207	2.637	5.837	1.663	1.558	33.845

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

■ **Cadro 7.34** **Contratos indefinidos ordinarios. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2007**

	Homes				Mulleres				Total			
	Total	Parcial	Completa	Fixos descontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos descontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos descontinuos
A Coruña	7.932	789	6.746	397	6.375	1.812	3.855	708	14.307	2.601	10.601	1.105
Lugo	2.946	231	1.847	868	1.532	456	938	138	4.478	687	2.785	1.006
Ourense	1.385	177	1.191	17	1.374	403	891	80	2.759	580	2.082	97
Pontevedra	7.680	623	6.546	511	4.621	1.390	2.621	610	12.301	2.013	9.167	1.121
Galicia	19.943	1.820	16.330	1.793	13.902	4.061	8.305	1.536	33.845	5.881	24.635	3.329

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

7.2.9. Contratos para o Fomento da Contratación Indefinida

Estes contratos teñen como finalidade a colocación estable de traballadores desempregados e de empregados suxeitos a contratos temporais (Disposición adicional primeira Lei 12/01).

A partir de a entrada en vigor da norma que recolle o Acordo para a Mellora do Crecemento e o Emprego, asinado polo Goberno e axentes sociais o 9 de maio de 2006 os colectivos de traballadores que poden ser obxecto deste tipo de contratos son:

a) Traballadores desempregados inscritos na Oficina de Emprego que pertencen a algún destes colectivos:

1. Mulleres:

- Desempregadas, así como vítimas de violencia de xénero
- Contratadas nos 24 meses seguintes ao parto
- Contratadas despois de 24 meses de inactividade laboral, se, anteriormente á súa retirada, traballaron, polo menos, 3 anos
- Con contrato suspendido (indefinido ou temporal) reincorporadas tras a maternidade

2. Novos de 16 a 30 anos de idade ambos os dous incluídos

3. Maiores de 45 anos

4. Desempregados que leven, polo menos, seis meses, inscritos ininterrompidamente como demandantes de emprego e persoas en situación de exclusión social

5. Persoas con minusvalidez

6.Traballadores en situación de exclusión social

7.Vítimas de violencia de xénero

b) Traballadores que na data de celebración do novo contrato de fomento da contratación indefinida, estivesen empregados na mesma empresa mediante un contrato de duración determinada ou temporal, incluído os formativos, celebrados con anterioridade ao 31 de decembro de 2006.

c) Plan extraordinario para a conversión do emprego temporal en fixo. Conversión en indefinidos de contratos temporais, incluídos os formativos, de relevo e de substitución por xubilación en todos os casos celebrados con anterioridade a 1 de xuño de 2006, sempre que a conversión se realice antes do 11 de xaneiro de 2007.

d) Bonificacións en supostos excepcionais de contratación temporal:

- Vítimas de violencia de xénero
- Persoas en situación de exclusión social
- Persoas con minusvalidez

Serán beneficiarios das bonificacións as empresas e os traballadores autónomos que subscriban contratos indefinidos a tempo completo, incluídos os fixos discontinuos, cos traballadores dos colectivos sinalados.

Esténdense estas bonificacións as persoas pertencentes aos colectivos sinalados que se incorporen, con carácter indefinido como socios traballadores ou de traballo ás cooperativas ou sociedades laborais.

O contrato concertarase por tempo indefinido no seu caso e formalizarase por escrito, segundo modelo oficial e a tempo completo ou parcial.

A lei só admite a conversión en indefinidos dos contratos temporais directos das empresas e non dos contratos temporais das ETT.

A empresa que nos seis meses anteriores á contratación realízase extincións de contrato de traballo por causas obxectivas declaradas improcedentes por sentenza xudicial ou procedesen a un despedimento colectivo, non poderán celebrar contratos para o fomento da contratación indefinida.

Nos dous supostos anteriores, a limitación afectaría unicamente á cobertura daqueles postos de traballo da mesma categoría ou grupo profesional que os afectados polo despedimento ou extinción e para o mesmo centro ou centros de traballo. (Disposición adicional primeira 12/2001)

Non se terá en conta esta limitación nos supostos de despedimento colectivo, cando a realización destes contratos de fomento da contratación indefinida sexa acordada cos representantes dos traballadores no período de consultas previsto na Tramitación do Expediente de Regulación de Emprego.

O réxime xurídico do contrato e os dereitos e obrigas que del se deriven, rexeranse, con carácter xeral, polo disposto na lei e nos convenios colectivos para os contratos por tempo indefinido.

Cando o contrato se extinga por causas obxectivas e a extinción sexa declarada improcedente, a contía da indemnización será de 30 días de salario por ano de servizo, rateados por meses os períodos de tempo inferior a un ano e ata un máximo de 24 mensualidades.

En caso de conversión dun contrato temporal en contrato de fomento da contratación indefinida non se poderá pactar un período de proba, sempre que se trate das mesmas funcións.

1) Contratos Indefinidos Acolidos ao Programa de Fomento do Emprego Estable para o ano 2007: Ademais de atoparse inscrito na oficina de Emprego, deben de pertencer a algún dos seguintes colectivos:

- Mulleres
- Traballadoras desempregadas inscritas na Oficina de Emprego contratadas nos 24 meses seguintes á data do parto, adopción ou acollemento
- Mulleres que se reincorporen ao emprego despois de cinco anos de inactividade laboral, se, anteriormente á súa retirada do mercado de traballo, estivesen en situación de alta polo menos tres anos
- Traballadores desempregados inscritos ininterrompidamente na Oficina de Emprego durante seis ou máis meses
- Traballadores desempregados >45
- Novos de 16 a 30 anos ámbolos dous inclusive
- Traballadores con minusvalidez
- Traballadores desempregados nunha situación de exclusión social
- Traballadores desempregados que teñan acreditada pola administración a condición de vítima de violencia de xénero ou doméstica, sen que sexa necesaria a condición de desempregado

Os contratos indefinidos iniciais a tempo completo ou parcial, incluídos os fixos discontinuos, celebrados durante o 2007, darán dereito a partir da data de contratación a bonificacións na cota empresarial á seguridade social por continxencias comúns, segundo o colectivo ao que pertenzan.

A contratación indefinida no 2007 deu lugar a 14.860 contratos (2006:16.130) o que representa 1.270 contratos menos que o ano anterior, sendo un 1,82% dos contratos iniciais (1,78% en España) e un 1,72% do total incluídas as conversións en indefinidos e as adscricións en colaboración social.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 1,61%, na industria un 2,49%, na construción un 1,94% e no sector servizos un 1,72%.

Esta era unha das poucas modalidades de contratación onde a porcentaxe feminina superaba con ampla diferenza á masculina, pero no ano 2007 esta modalidade contractual só representou o 50,94% de contratación feminina (62,21% en 2006) fronte ao 49,06% de masculina (37,79% en 2006).

Se tomamos como referencia o elemento idade observamos que no colectivo de homes a maior parte dos contratos se realizan a > o igual 45 anos (34,92% en 2007 e 53,91% en 2006) o tramo de 25 -29 supuxo un 29,18%, o de <25 un 28,17%, o de 30-39 un 6,56% e o grupo de 40-44 anos só un 1,16%.

No grupo de mulleres a maior porcentaxe alcánzao o grupo de 25-29 anos cun 32,65%, seguido de menores de 25 anos con 31,72%, o de > ou igual de 45 cun 24,94%, o grupo de 30-39 representou o 9,26% e o colectivo de 40-44 anos só representou un 1,43%.


As porcentaxes por tipo de xornada reflicten un 7,61% para a xornada completa, un 20,06% para a parcial e só un 3,32% para a modalidade de fixo discontinuo. Estes datos vense alterados se introducimos a variable sexo. No colectivo feminino concertáronse un 67,34% de contratos a xornada completa, un 27,89% a parcial e un 4,77% de contratos fixos discontinuos. No colectivo masculino os rexistros de contratos reflicten unha porcentaxe de 86,24% para a xornada completa, un 11,93% para a parcial e un 1,82% para os fixos discontinuos.

■ **Cadro 7.35 Contratos indefinidos de fomento da contratación indefinida. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2007**

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	761	917	200	38	961	924	981	285	48	698	5.813
Lugo	257	222	43	8	336	341	277	83	10	276	1.853
Ourense	298	243	64	15	309	309	226	83	15	216	1.778
Pontevedra	738	745	171	24	940	827	988	250	35	698	5.416
Galicia	2.054	2.127	478	85	2.546	2.401	2.472	701	108	1.888	14.860

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



■ **Cadro 7.36**

Contratos indefinidos de fomento da contratación indefinida. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia 2007

	Homes				Mulleres				Total			
	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos
A Coruña	2.877	341	2.456	80	2.936	855	1.878	203	5.813	1.196	4.334	283
Lugo	866	52	810	4	987	234	735	18	1.853	286	1.545	22
Ourense	929	121	807	1	849	236	601	12	1.778	357	1.408	13
Pontevedra	2.618	356	2.214	48	2.798	786	1.884	128	5.416	1.142	4.098	176
Galicia	7.290	870	6.287	133	7.570	2.111	5.098	361	14.860	2.981	11.385	494

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

2) Transformación en Indefinidos dos contratos de duración determinada ou temporais, contratos formativos, de relevo e de substitución por anticipación da idade de xubilación. (Lei 12/2001 e Lei 43/2006).

No 2007 realizáronse 49.166 conversións en indefinidos de contratos temporais (2006: 55.984), o que supón 6.818 conversións menos que o ano anterior e representa un 5,68% do total das contratacións celebradas.

Contratos convertidos en indefinidos. Por tipo de contrato e provincias.
Ambos os dous sexos. Galicia 2007

■ Cadro 7.37

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Obra ou servizo	6.433	1.428	1.381	5.133	14.375
Eventual circ. produción	11.851	3.460	2.751	11.478	29.540
Interinidade	488	89	100	314	991
Temporal inserción	0	0	0	0	0
Temporal minusválidos	55	21	12	65	153
Substitución xub. 64 anos	20	1	4	7	32
Prácticas	1.369	222	156	809	2.556
Relevo	122	46	45	311	524
Formación	369	149	110	333	961
Outros	18	4	1	11	34
Total	20.725	5.420	4.560	18.461	49.166

Fonte: SPEE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2007

Contratos convertidos en indefinidos. Por tipo de contrato e provincias.
